


A RECORTADA e catro contos máis



CONSELLERIA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Política Lingüística

PREMIO OURENSE DE CONTOS PARA A MOCIDADE 1994

A Recortada
e catro contos máis



DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA

DELEGACIÓN PROVINCIAL DE FAMILIA,
MULLER E XUVENTUD

Limiar

Exa a décimo primeira ocasión que se convoca o Premio Ourense de Contos para a Mocidade, como contribución á celebración do Día das Letras Galegas. E velaí os resultados. Cinco contos escritos por autores/as xoves —dous deles menores de 17 anos— que amosan cinco estilos diferentes, cinco xeitos de narrar. Son cinco creadores/as que demostran que as letras galegas seguen vivas, con calidade incluso entre os máis novos.

Ei-los contos, impresos para facer posible o obxectivo para o que foron escritos, poder ser lidos por un número relativamente amplo de persoas. Estes contos saen así definitivamente do perigo que corren tódolos contos de afeccionados: ficar nun caixón.

Así pois, agardamos que esta publicación anual sirva para animar a todos/as aqueles/as que sintan a inquedanza literaria. Estamos seguros que aínda hai moitas cousas por narrar e por crear. E é a mocidade quen se encargará de demostrarlo.

*Agrupación de Libreiros de Ourense
Casa da Xuventude de Ourense*

Competitividade inútil dos noventa

Virxilio Rodríguez Vázquez

Luns

—¿Canto tempo queda?

—Só temos dez segundos.

Dez segundos e dez persoas ó redor do vehículo. Non había tempo, os movementos tiñan que ser máis rápidos, áxiles, veloces, coma se foran impulsos eléctricos. Os técnicos, con traxes vermellos e con cadansúa gorriña para protexerse do forte e abafante sol, procuraban con furgacidade e con precisión as ferramentas necesarias para cumpliren positivamente as funcións que cada quen tiña asignadas: un, encargado de limpa-lo chasis, outro, de revisa-lo panel de control; aquel á procura de aceite para os eixes... ¡O líquido dos freos! ¡Axiña!... Namentres, o piloto, ó través do seu casco mantíñase serio, vixiante, coa mirada firme, cravada nun punto lonxano, sen respirar. Nin unha palabra. Nin un xesto. Semellaba preocupado. Calado. Sumido na más fonda concentración e soildade perante centos, milleiros de ollos expectantes.

Xa presto para pisa-lo acelerador, sabedor da importancia de cada milésima de segundo, esperaba, tenso, a orde de saída de *boxes*. Multiplicábanse as presas dos técnicos, non podían cometer un erro. No piloto subía o nerviosismo a pesar da loita interna para mante-la calma.

De súpeto a voz que agardaba: ¡Veña! ¡Fóra!

Atrás quedaban as marcas dos pneumáticos no asfalto, a suor e os suspiros dos compañeiros de equipo; a voz do xefe de escuadra que lle concedeu a saída...

Atrás quedaban dez persoas, dez segundos.

Martes

Os relevos eran cada vez más difíciles. Xa quedaban poucos quilómetros para a meta e cada un sabedor das súas posibilidades, habilidades e, sobre todo, coñecedor das súas forzas, non quería dar unha pedalada de máis. Nin un ápice de axuda a prol do compañero de fuga.

Chegou á nosa altura un dos directores de equipo. Pola esquerda pasaban as motos a unha velocidade vertixinosa, e detrás, máis coches. O pelotón estaba moi preto. Unha moto marcounos a nosa vantage e confirmou as nosas suposicións: só 50" cando pasamos pola pancarta de tres quilómetros. Tiñámonos que poñer de acordo e áinda así non chegaría o tempo. O italiano foi o primeiro e falar. Un diálogo tenso, curto, agónico, vivo... De novo comenzaron os relevos. Era importante, imprescindible, vital. O vento secaba a suor e maila auga derramada na cabeza para alivia-la calor. Baixo os meus pés vía pasa-las liñas brancas coma imaxes dunha proxección de cine.

Pancarta de último quilómetro... Cadaquén decide a súa propia estratexia. Simultaneamente xirámo-la cabeza cara a curva que deixaramos e alí irrompe a masa engulinte do pelotón.

A recta final era moi longa, Os dous fugados apuraban ó máximo as súas pedaladas, atacando un sprint de trescentos metros.

Eu volvíñ a mirada atrás e minorei o ritmo. Era consciente de que

xa non podía seguir. Derrubeime. Vinme abajo despois de douscientos quilómetros de escapada. Freei. Só quedaba o Outro. Douscientos metros. Tiña que loitar. Non volvía a mirada. Ergueuse sobre a máquina coas últimas forzas que tiña. Cento cincuenta metros. Vía, cada vez, más preto a chegada onde o agardaban o *manager* do equipo, o premio, o sabor da victoria... Cen metros. Non podía relaxarse. O final era agónico. Unha recta plana que se convertía en costa.

Cincuenta metros. Ía gañar. Sabíao, tiña que gañar.

Vintecinco metros. De súpeto, á súa esquerda, un corredor que non pudo distinguir. Púxose paralelo a el.

Dez metros. Quixo volve-la mirada á fronte. Ollou ó mesmo ciclista.

Cinco metros. Loitou...

Dous metros. Tiña que chegar. Despois do seu esforzo, do seu sufrimento, tiña que gañar.

Un metro. O ciclista que o sobrepasara seguía diante. Entón o meu compañero chegou ó punto desexado por el, sen *pódium*, sen flores, sen premio.

Mércores

¡Axuda!

Caín. Un exército de xigantescas pernas apisonáronme coma un verme.

Buscaba unha suxeición, un apoio co fin de saír daquela abafante situación. Non aturaba. Oía berros e por intres semellaba xordo.

Arrastreime entre a multitud ata atopa-lo oco salvador por onde se adiviñaba unha escasa luz que me fixo suspirar e, á fin, erguínme en pé. Entón, en posición vertical...

Todo escuro. Xente e máis xente berrando, bailando nun centímetro cadrado. Sentín empurróns en tódalas direccións. Loitaba por mante-lo equilibrio. De socato un son enxordecedor. O fondo apareceron luces multicolores e con elas cinco heroes que comezaron o concerto cunha escala maxistralmente levada de arriba abajo na guitarra eléctrica e á fin "BUN". Unha explosión de cor, de ruído, ritmo, voces, luces... A masa informe canta ó unísono dunha forma disonante. Era un caos. Todo se mesturaba. Xa non vía. Xa non oía. Xa non cantaba. Só ría. Choraba...

¡BUM!

¿Onde estou?

Xoves

O tempo fase esgotando. Fago as operacións tan de presa que non me fixo no grao de acerto. Xa vou polo cuarto exercicio. Uns quince minutos que non me chegan a nada. Non podo cometer un só erro; a miña nota do curso, de todo un ano, vai depender deste exame. Teño que o conseguir.

Estou ó comenzo do quinto exercicio. A tensión non me deixa concentrar. Sinto medo. Ergo a cabeza e ó meu redor vexo a toda a xente encorvada, co pescozo baixo, movendo axilmente as pezas que están sobre as mesas. Non atopo solución a este último problema. Busco resposta nos recordos e imaxes dos exercicios repasados, entre os folios gardados na miña memoria, nos libros arquivados na mente paso páxinas e páxinas.

Encontreina. A resposta era aquela. Non podía equivocarme. Agora todo dependía de min, da miña capacidade, precisión, atención. Voltei ó folio. Collín a calculadora e cun manexo un tanto torpe busquei os números axeitados. O que se reflectía na pantallíña da máquina pasábaoo ó papel escribindo signos ininteligibles. Esquecín o tempo. A mestra percorría coa mirada cada un dos recantos más escondidos e solitarios da aula, das nosas cadeiras, tal vez pasando por alto algunha que outra falcatruada.

O reloxo da parede marcaba unha hora indefinida que xa non recordo. Naquel intre souo a campá da saída. Espertei como se se tratase dun soño.

Encontrábame na aula, novamente, con nervios, presa, esperando unha chamada: Virxilio, escoitei. Erguinme e encarei o taboleiro. Colín o exame da man da mestra. Non quixen olla-la nota. Xa non importaba.

Venres

Caía, caía, caía.

Agarrouse forte á corda coa man dereita. Non había outro soporte. Pechou os ollos. O medo invadiu o seu corpo. Non tiña esperanza. Cando xa semellaba perderse no abismo, a corda tensou. Escoitou a voz do seu compañoiro:

—¿Estás ben?

Non sabía o que respostar. Reflexionou e o único que acertou a díxirle foi:

—Ben.

—Terás que subir en escalada libre. A corda está desfiañada e non resistirá o teu peso. ¿Óesme?

Abriu os seus ollos e chocou coa intensidade do sol. Palpou o seu corpo e despois, pouco a pouco, foi comprobando a situación na que se atopaba. Viu a parede, empinada, escabrosa, seguindo a corda que lle amarraba a súa cintura, ollou como se perdía nun saínte da montaña e, logo, más alá, só puido ve-lo azul do inmenso ceo. Xirou a cabeza e mirou cara abaxio: o val, o río, as verdes árbores...

De novo chegou o eco da voz do seu compañoiro:

—Veña, tes que subir.

A corda non vai aguantar moito tempo. Non mires cara abaxio.

Ó oí-las últimas palabras, advertiu unha sensación de frío que o aterrou e cun movemento brusco desfixo aquela mirada e con ela aquel sentimento.

Levou a mans ás costas, buscando cos dedos a bolsiña de magnesio.

Espolvoreou os dedos e... arriba. Os seus músculos tensáronse, encarapetouse. Os cinco sentidos comenzaron a funcionar. O sangue encheu as súas veas e oíu o palpitar do corazón. Avanzou un metro con lentitude, pasenío, sen presa ningunha. Buscaba os puntos seguros onde fixa-las mans e logo dar impulso coas pernas. Estaba só, sen ningúen. Non quixo mirar abaxio. A suor obrigouno, de novo, a busca-lo magnesio. O corpo pesáballe. Apoiou un pé e, de súpeto, unha pedriña caeu. Quedaba pouco tempo. Seguía a subir. Agora afrontaba aquela dificultade na que antes cometera un erro e se fóra abaxio. Non había segunda oportunidade. Tiña que atacar aquel saínte. O seu compañoiro berraba para darrle folgos. Deu un brinco e agarrouse á rocha grande. Non oíu nada nin sentiu. Concentrou as súa forzas. Esqueceu o medo. O cansazo acumulado, a caída e finalmente subiu.

Sábado

—O xogador ten que gañar, ¿entendedes?

O segundo posto non me serve de nada. Se non se gaña, es un perdedor. ¿Vos sodes perdedores?. Non o sei, pero EU non quero perder e VOS non podedes perder.

¡Gañar, gañar, gañar!..

Repite esta xogada, prestade atención...

—Nós chegamos aquí por méritos propios, aínda sendo un equipo modesto. Loitamos, sufrimos ante moitas adversidades e agora estamos a xoga-la final. Xogade esta posesión como sabedes, sinxelamente, eso. Non importa o resultado, nin o adversario. Quero que xogueades. A bóna é nosa.

Souu a bucina. Os dez xogadores saltaron á cancha. O ambiente era infernal, alí habería dez milles de persoas berrando, asubiando, ruxindo... Unha presión abafante, pesada e tensa. O árbitro auxiliar, co esférico na man, situouse na banda agardando a chegada dun componente do equipo atacante. Os xogadores dispuxérónse na pista atendendo as ordes tácticas de cada adestrador. Marcaxes férreas, individuais, home a home, ó límite da falta persoal. Na banda, o escolta colleu o balón e coma nun taboleiro de xadrez, os seus movéronse buscando o pase. Quen recibiu a bóna foi o base e con ela unha responsabilidade que o abrigou a manterse moi concentrado e vixiante. Diante del o adversario e más alá, despois dos seus compañoiros, mirou fixamente o taboleiro. Tempo. Os marcadores á súa fronte. Ergueu a man dereita sinalando o xogada cinco. Comezou a mecánica, un traballo en cadea. Tiña que xogar con cabeza, habilidade. Un bloque. Quedaban poucos segundos. Cinco, catro... Perdían de dous. Os adestradores, a xente, o reloxo. O seu defensor esvarou lixeiramente, era a derradeira oportunidade, tiña que tirar. Quebrouno, fixou os pés na

liña de triples, encarou a canastra e tirou... Persoas, tempo, xogadores, xente, soños, segundos, adestrador, loita, suor, premio.

Trinta milésimas, vinte, dez, canastra.

Domingo

Mirei cara arriba. O resplandor intenso do sol cegoume. Xirei o pescozo, lentamente, observando ó meu redor. As bancadas, cheas de xente, ofrecían un colorido e unha viveza tal que sentín nas miñas pupilas un efecto semellante o espectro da luz solar. Notei unha lixeira brisa que desprendeu a pinguiña de suor da miña meixela caendo bruscamente na terra onde nun instante desapareceu. Erguín a cabeza. Por riba da branca cinta da rede que percorría o ancho da pista, distinguín o meu adversario, cravado na metade da liña de fondo. Concentrado botaba a pelotíña marela coa man dereita e coa outra aguantaba firme a raqueta, xa presto a sacar. Deume tempo a situarme buscando a mellor preparación para responder.

—Ollei cara ó marcador electrónico que na parte superior, con números amarelos, sinalaba un 0-40 e á esquerda: *Match ball*.

Espertei dun soño. Tiña unha bóla de partido. Eu ante sete mil persoas expectantes. Ata ese intre non recapacitara. Non entendín a realidade nin tiña esperanza de ver aquel marcador tras cinco horas de partido. Foi, entón, cando sentín o cansazo nas miñas pernas. Pesábanme os brazos. Queríame retirar... ¿Como? Estás a gañar, rapaz. De súpeto, o inimigo lanzou a bóla ó ceo. Os seus movementos eran perfectos. Levou a raqueta ás costas cunha excelente sincronización. Os músculos, ata entón relaxados, tensáronse. Preparou o peso e daquela o golpe foi preciso, exacto, no medio e medio da raqueta. Atacou con toda forza botando o corpo cara adiante.

Naquel intre pola miña mente pasaron tódolos recordos: partidos

xogados, gañados e perdidos, loitados e sufridos. As imaxes arremuiñáronse na miña mente. O medo encheu o meu corpo, pero xa non podía voltar á liña de fondo. Tiña que seguir cara adiante. Non podía xira-lo pescozo e mirar cara atrás. A bóla pasou a rede, golpeou na terra e o efecto desviouna á miña esquerda. Non tiña tempo. Dentro de min puiden oír un “agora” que me empurrou para buscar aquel corpo esférico e con todo o que tiña dentro golpeeino. Do demais xa non me lembro.

diabelmente estaba abocada a extinguirse e, con ela, coidei que os meus propios sentimientos para sempre. Non foi así. Case nunca é así. Os sentimientos renacen, ás veces só con mornura, mais non morren de todo endexamais.

Aquela tarde despedinme de Sara, ou ela despediuse de min, abrindo unha fonda ferida no corpo, un tremendo baleiro que tardei meses en cubrir, e non de todo. Volvíñ a aquel baixo de portal estreito para saber dela. O home que me abriu a porta dixo con moi boas palabras non coñecer o anterior inquilino e soubo despedirme cun boas tardes cheo de amabilidade. Vaguei, vaguei sen rumbo as rúas e ata unha tarde de verán fun ao río aquel, crucei a pontella que separaba as súas marxes e chorei entre fentos e ameneiros a perda de Sara. E na pequena cabana feita de táboas lembreina falando dainxustiza do mundo e crin comezar a comprender algo do terríbel segredo que ela me ocultou aquel domingo de maio ao me deixar para sempre entre bágoas e promesas de me non esquecer.

Tampouco esquecera eu cando meses máis tarde vin a foto de Sara no xornal, detida como integrante dun grupo clandestino de mozos e mozas que saboteaba oficinas bancarias e nos seus comunicados falaba, entre citas de poetas clásicos, de xustiza e utopías. Gardei o xornal cun calafrión e atormenteime imaxinando a dureza do ferro naquel corpo que amara.

Este primeiro de maio saín á rúa pola mañá. Souben que non eramos xa os mesmos naquela manifestación e berrei adoecido.

Índice

A recortada	páx. 11
A ninfómana de Meaus	páx. 39
Competitividade inútil dos noventa	páx. 53
Estampa mecanoscrita dun can de palleiro	páx. 63
Noite e paraxe en Sara	páx. 69

XI Concurso de Contos para a Mocidade. 1994

Participantes: 70 contos de 55 xoves autores/as.

Autores e premios

Premio Ourense de contos: Ánxel Alfaya Bernárdez

Accésit: Antonio Rivero Coello

Virxilio Rodríguez Vázquez

Pablo Vázquez Pereira

Rafael Villar

Xurado: Xosé Antón Calviño Martínez

Marisol Fernández Nogueiro

Montse Gómez Taboada

Francisco Negro Fernández

Amaya Pérez Izaguirre

Benito Losada, como secretario sen voto

Revisión textos: Henrique Torreiro

Tiraxe: 1.000 exemplares.

Depósito legal: VG-50-95

I.S.B.N.: 84-605-2089-7

Impresión: Comercial Gráfica Nós. Príncipe 22. Vigo

Coordinación: Benito Losada

Editan: Agrupación de Libreiros de Ourense

Casa da Xuventude de Ourense

Patrocinan: Dirección Xeral de Política Lingüística

Concellería de Cultura do Concello de Ourense

Delegación Provincial de Familia, Muller e Xuventude

Notas: O Premio Ourense está dotado con 75.000 pts. e cada accésit con 25.000 pts.

Dous deles recaen en menores de 17 anos, que nesta ocasión corresponderon a Virxilio Rodríguez e Pablo Vázquez.

O xurado acordou deixar constancia da calidade das obras presentadas por Pablo Otero Rodríguez Peixe e Marco Valerio Lama del Corral

Participantes: Amalia Bouzas Leis. A Coruña
Ricardo Canosa Bastos. Vigo
Joaquin Carvalhal de Oliveira. Ourense
Beatriz Collazo Couto. Vigo
Sergio Curra Moreira. S. Salvador. Poio (Pontevedra)
Juan Francisco Estévez Barbosa. Ourense
M^a Blanca Estévez Espinosa. Santiago de Compostela
Elena Fernández Carballo-Calero. Ourense
Rafael Fernández Lorenzo. A Coruña
José Luis Ferreiro Novoa. Muíños (Ourense)
Xesús Ferreiro Nuñez. Lugo
José Lazaro Gato Otero. Santiago de Compostela
Juan Carlos Gómez Jimenez. Ourense
Manuel González Díz. Ourense
José Luis González Sende. Santiago de Compostela
José González Vázquez. Santiago de Compostela
Lia González Vila. Ourense
Benito González Villaverde. Boborás (Ourense)
Manuel Guillan Besada. O Grove (Pontevedra)
Eladio Brandán Huete González. Vigo
Manuela Iglesias Armada. Ourense
Jorge Javier Iglesias Iglesias. Santiago de Compostela
M^a do Rocio Jiménez González. Ourense
Marco Valerio Lama del Corral. Ourense
Jesús Lastra García. Ourense
Ana Cristiña López López. Sarria (Lugo)
José Manuel López Pérez. Ourense
M^a Monica Martínez Rial. Araño-Rianxo (A Coruña)
Josefa Míguez Gulin. Allariz (Ourense)
Natalia Molanes Martínez. Cangas do Morrazo (Pontevedra)
Eva Moreira Fontán. Ourense
Manuel Antonio Mosteiro García. Bueu (Pontevedra)
Marta Neira Sánchez. O Carballiño (Ourense)
Rosa M^a Novoa Vázquez. Xunqueira de Ambía (Ourense)
M^a Sonia Otero Rodríguez. Ourense
Pablo Otero Rodríguez. Ourense
Pilar Pazos Pazos. Cedeira (A Coruña)
Antonio Pereira Rama. Ourense
M^a Carmen Rodríguez Fernández. Ourense
Miguel Anxo Rodríguez González. Coruxo. Vigo
Purificación Rodríguez Lorenzo. Xinzo de Limia (Ourense)
Ana Belén Rodríguez Rodríguez. O Carballiño (Ourense)
Susana Romero García. Santiago de Compostela

Francisco Ruiz Rey. Vilalba (Lugo)
Xosé A. Santos Guede. Ourense
Carlos Tain Carril. Ourense
Juan Ramon Tallón Salgado. Vilardelvós (Ourense)
Anxo Valcárcel Valcárcel. Ourense
Xema Zeltia Varela Rodríguez. Santiago de Compostela
M^a Beatriz Vázquez Vence. Pontevedra